

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

ACTA númer. 03/2018

**REUNIÓN DO CONSELLO COORDINADOR DA AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN
TERRITORIAL DO RÍO MIÑO (AECT RÍO MIÑO)**

O 19 de xullo de 2018, ás 15:30 horas (hora local), nas instalacións da CIM Alto Minho en Valença, situadas na avenida Miguel Dantas, núm. 69, reuníuse o Consello Coordinador da Agrupación Europea de Cooperación Territorial do Río Miño (AECT Río Miño).

Estiveron presentes, en calidade de membros do Consello Coordinador da **AECT Río Miño**, o director, Uxío Benítez Fernández, deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra; o vicedirector, João Fernando Brito Nogueira, presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira; a vogal Montserrat Magallanes Álvarez, deputada provincial de Pontevedra, e o vogal João Manuel do Amaral Esteves, presidente da Câmara Municipal dos Arcos de Valdevez. Asistiu tamén á reunión Júlio Pereira, 1.º secretario da CIM Alto Minho.

A reunión foi presidida polo director do Consello Coordinador da **AECT Río Miño**, Uxío Benítez Fernández, e nela tratáronse, de acordo coa orde do día, os seguintes asuntos:

1. Aprobación da acta da reunión anterior

Tras a apertura por parte do director da AECT Río Miño presentouse a acta da reunión do 3 de maio de 2018 que, despois de lida e revisada, foi aprobada por consenso unánime e asinada polas persoas presentes nesa reunión. O vogal João Manuel do Amaral Esteves manifestou a súa abstención por non estar presente na reunión.

Esta deliberación foi aprobada, por unanimidade, en minuta.

2. Asuntos relacionados coa implementación dos proxectos Visit Rio Minho e Smart Minho, cofinanciados polo Programa Interreg V-A

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

No ámbito deste asunto, aprobáronse, por unanimidade, as seguintes deliberacións:

En canto á Actividade 1-Estructuración da marca Río Miño, do proxecto Visit Rio Minho, que se encontra en fase de reformulación para integrar a AECT Río Miño, tras análise e discusión co autor Rafael Machado aprobouse o estudo *Plan de Marca. Posicionamento Estratégico Río Miño*, que servirá de base para a implementación das restantes actividades do proxecto e para a creación do respectivo *branding* (anexo 1).

Aínda dentro da Actividade 1-Estructuración da marca Río Miño, do proxecto Visit Rio Minho, aprobouse a apertura do procedemento de contratación por consulta previa CP_01_18 para a **Adquisición de servizos para o desenvolvemento do Plan de marca Río Miño e definición de especificacións técnicas de branding**, quedando o director da AECT Río Miño responsable da aprobación dos documentos necesarios e da realización das dilixencias necesarias para o lanzamento deste proceso.

No ámbito do proxecto Smart Minho, que se encontra tamén en fase de reformulación para integrar a AECT Río Miño, aprobouse a proposta de calendarización do proceso de elaboración da Estratexia Río Miño Transfronteirizo (anexo 2).

Estas deliberacións foron aprobadas, por unanimidade, en minuta.

3. Outros asuntos de interese para a AECT Río Miño

No ámbito deste asunto, foron aprobadas, por unanimidade, as seguintes deliberacións:

- Promover as dilixencias necesarias para a preparación de accións de presentación institucional da AECT Río Miño, en concreto ante: a CCDR-N, a Xunta de Galicia, a Secretaria de Estado do Desenvolvemento e Cohesão (PT), a DG Fondos (ESP), a Comisión Europea/ARFE e a ANMP/Federación Española de Municipios.
- Preparar o proceso de instalación do Consello Estratégico, de acordo co artigo 19 dos estatutos, preferentemente antes da realización do II Foro do Río Miño Transfronteirizo.

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

FOLHA 10

Estas deliberacións foron, por unanimidade, aprobadas en minuta.

Sen máis asuntos que tratar, a reunión finalizou ás 17:30 horas.

Para que así conste elaborouse esta acta, que asinaron o director e vicedirector da AECT Río Miño.

Valença, 19 de xullo de 2018

O director

Uxío Benítez Fernández

O vicedirector

João Fernando Brito Nogueira